

PRÓXIMA PARADAAAAA!... IRÁN

TALLERES PARA FAMILIAS

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

18 xaneiro - 18 maio 2025

Horario: sábados e domingos de 11:00 a 13:00 h

REALIZACIÓN DO PROXECTO: Sara Donoso

COORDINACIÓN: Virginia Villar



Volvemos un ano máis cos talleres para familias! Un proxecto no que tías, sobriños, avós, netas, pais, irmáns... se poden introducir no mundo da arte contemporánea explorando cada etapa do proceso creativo a partir da obra de diferentes artistas.

Este ano continuamos a nosa viaxe polo continente asiático e faremos unha parada en Irán, un país cun amplo e rico acervo cultural que deixou unha profunda pegada nos seus artistas. Achegarémonos aos seus costumes, á súa lingua e ás súas paisaxes. Diseñaremos tatuaxes, elaboraremos a nosa propia colección de historias e construiremos escenarios a partir do traballo dunha serie de artistas que reinterpretan a súa cultura en clave contemporánea.

NADA É ARTE. PARVIZ TANAVOLI

Sábado, 18 de xaneiro. Familias con nenos e nenas de 4 a 6 anos
Domingo, 19 de xaneiro. Familias con nenos e nenas de 7 a 9 anos
Prazo de inscrición: do 9 ao 16 de xaneiro

Parviz Tanavoli recorre á historia do seu país e ás súas tradicións para crear pezas como as *heeches*, esculturas que representan a palabra nada en persa. Tende unha ponte entre o antigo e o moderno ensamblando artesanía e obxectos cotiáns. Nas súas pinturas e esculturas atopámonos con criaturas e animais xurdidos de diferentes fontes de inspiración: as historias de amor persas, a relixión ou iconas populares como a gaiola, o león, o cadeado e o paxaro.

A partir da obra deste artista, crearemos empregando vellos obxectos e materiais reciclados, inventaremos animais mitolóxicos, xogaremos co corpo e deseñaremos a nosa propia liña de xoiaría.

CORPOS QUE FALAN. SHIRIN NESHAT

Sábado, 15 de febreiro. Familias con nenos e nenas de 4 a 6 anos
Domingo, 16 de febreiro. Familias con nenos e nenas de 7 a 9 anos
Prazo de inscrición: do 6 ao 13 de febreiro

Shirin Neshat utiliza a fotografía e o medio audiovisual para falarnos da condición da muller na sociedade islámica. Nas súas obras máis coñecidas mostra partes do seu corpo, como a cara e as mans, sobre as que escribe textos en caligrafía persa que reivindicán a loita pola liberdade e a igualdade.

A partir do traballo de Shirin Neshat, exploraremos o noso corpo como un lenzo sobre o que pintar e desde o que expresar as nosas emocións e os nosos desexos. Poderemos crear as nosas propias tatuaxes efémeras.

¡Volvemos un año más con los talleres para familias! Un proyecto en el que tías, sobrinos, abuelos, nietas, padres, hermanos... puedan introducirse en el mundo del arte contemporáneo explorando cada etapa del proceso creativo a partir de la obra de diferentes artistas.

Este año continuamos nuestro viaje por el continente asiático haciendo una parada en Irán, un país con un amplio y rico acervo cultural que ha dejado una profunda huella en sus artistas. Nos acercaremos a sus costumbres, a su lengua y a sus paisajes. Diseñaremos tatuajes, elaboraremos nuestra propia colección de historias y construiremos escenarios a partir del trabajo de una serie de artistas que reinterpretan su cultura en clave contemporánea.

NADA ES ARTE. PARVIZ TANAVOLI

Sábado, 18 de enero. Familias con niños y niñas de 4 a 6 años
Domingo, 19 de enero. Familias con niños y niñas de 7 a 9 años
Prazo de inscrición: del 9 al 16 de enero

Parviz Tanavoli recurre a la historia de su país y a sus tradiciones para crear piezas como las *heeches*, esculturas que representan la palabra nada en persa. Tiende un puente entre lo antiguo y lo moderno ensamblando artesanía y objetos cotidianos. En sus pinturas y esculturas nos encontramos con criaturas y animales surgidos de diferentes fuentes de inspiración: las historias de amor persas, la religión o iconos populares como la jaula, el león, el candado y el pájaro.

A partir de la obra de este artista, crearemos piezas utilizando viejos objetos y materiales reciclados, inventaremos animales mitológicos, jugaremos con el cuerpo y diseñaremos nuestra propia línea de joyería.

CUERPOS QUE HABLAN. SHIRIN NESHAT

Sábado, 15 de febrero. Familias con niños y niñas de 4 a 6 años
Domingo, 16 de febrero. Familias con niños y niñas de 7 a 9 años
Prazo de inscrición: del 6 al 13 de febrero

Shirin Neshat utiliza la fotografía y el medio audiovisual para hablarnos de la condición de la mujer en la sociedad islámica. En sus obras más conocidas muestra partes de su cuerpo, como la cara y las manos, sobre las que escribe textos en caligrafía persa que reivindican la lucha por la libertad y la igualdad.

A partir del trabajo de Shirin Neshat exploraremos nuestro cuerpo como un lienzo sobre el que pintar y desde el que expresar nuestras emociones y deseos. Podremos crear nuestros propios tatuajes efímeros.

CULTO E OCULTO! PARASTOU FOROUHAR

Sábado, 22 de marzo. Familias con nenos e nenas de 4 a 6 anos
Domingo, 23 de marzo. Familias con nenos e nenas de 7 a 9 anos
Prazo de inscrición: do 13 ao 20 de marzo

A obra de Parastou Forouhar transforma os patróns e os ornamentos en algo máis ca decoración: son atractivos debuxos que esconden historias profundas e difíciles. O seu traballo convídanos a mirar máis alá do que vemos a primeira vista e a descubrir mensaxes escondidas entre liñas e figuras.

Partindo dalgúns dos símbolos máis coñecidos da cultura iraniana, xogaremos co que se ve e co que non se ve, utilizaremos as formas decorativas para modificar o espazo e crearemos pequenos escenarios no taller.

UN MUNDO EN MOVIMIENTO. SAMIRA HODAEI

Sábado, 12 de abril. Familias con nenos e nenas de 4 a 6 anos
Domingo, 13 de abril. Familias con nenos e nenas de 7 a 9 anos
Prazo de inscrición: do 3 ao 10 de abril

Samira Hodaei fálanos das relacións entre as diferentes culturas e políticas do mundo. Ademais, explora temas que preocupan no seu país, Irán, como a identidade, a relixión ou o papel da industria petrolífera.

Utilizaremos teas e fío para crear transformando imaxes coñecidas en mosaicos que representen un mundo en constante cambio. Tamén exploraremos o papel fundamental das mulleres nos antigos oficios, creando pinturas e instalacións que nos lembren a importancia da súa contribución á historia e á cultura.

CONTOS E REFLEXOS. SHIRIN ABEDINIRAD

Sábado, 17 de maio. Familias con nenos e nenas de 4 a 6 anos
Domingo, 18 de maio. Familias con nenos e nenas de 7 a 9 anos
Prazo de inscrición: do 8 ao 15 de maio

Shirin Abedinirad é unha artista que trata de explorar a conexión entre as persoas e a natureza. Para iso, realiza obras de arte en diferentes formatos, como o vídeo, a *performance* ou a instalación, e un dos seus materiais predilectos son os espellos.

A través do seu traballo, coñeceremos as formas e o uso dos templos na cultura persa e conectaremos a historia antiga e o mundo actual. Experimentaremos coa luz e coa cor, reflexionaremos sobre os cambios da paisaxe e inspirarémonos en contos clásicos para transportarnos a mundos máxicos.

INSCRIPCIÓN: Os talleres son gratuítos e para participar é necesario enviar, dentro dos prazos establecidos, unha mensaxe por correo electrónico a cgac.educacion@xunta.gal. A mensaxe deberá incluír o título da actividade na que desexan inscribirse, os nomes das persoas participantes, as súas idades, un teléfono e un correo electrónico de contacto. Só se admitirán as solicitudes daquelas persoas que teñan a idade sinalada para cada un dos talleres. As prazas cubriranse por orde de inscrición. Cada solicitante recibirá unha mensaxe electrónica de confirmación.

PAZAS: 10 menores. Cada un deles poderá ir acompañado por un máximo de dous familiares en cada taller

¡CULTO Y OCULTO! PARASTOU FOROUHAR

Sábado, 22 de marzo. Familias con niños y niñas de 4 a 6 años
Domingo, 23 de marzo. Familias con niños y niñas de 7 a 9 años
Prazo de inscrición: del 13 al 20 de marzo

La obra de Parastou Forouhar transforma los patrones y los ornamentos en algo más que decoración: son atractivos dibujos que esconden historias profundas y difíciles. Su trabajo nos invita a mirar más allá de lo que vemos a simple vista y a descubrir mensajes ocultos entre líneas y figuras.

Partiendo de algunos de los símbolos más conocidos de la cultura iraní, jugaremos con lo que se ve y lo que no se ve, utilizaremos las formas decorativas para modificar el espacio y crearemos pequeños escenarios en el taller.

UN MUNDO EN MOVIMIENTO. SAMIRA HODAEI

Sábado, 12 de abril. Familias con niños y niñas de 4 a 6 años
Domingo, 13 de abril. Familias con niños y niñas de 7 a 9 años
Prazo de inscrición: del 3 al 10 de abril

Samira Hodaei nos habla de las relaciones entre las diferentes culturas y políticas del mundo. Además, explora temas que preocupan en su país, Irán, como la identidad, la religión o el papel de la industria petrolífera.

Utilizaremos telas e hilo para crear transformando imágenes conocidas en mosaicos que representen un mundo en constante cambio. También exploraremos el papel fundamental de las mujeres en los antiguos oficios, creando pinturas e instalaciones que nos recuerden la importancia de su contribución a la historia y a la cultura.

CUENTOS Y REFLEJOS. SHIRIN ABEDINIRAD

Sábado, 17 de mayo. Familias con niños y niñas de 4 a 6 años
Domingo, 18 de mayo. Familias con niños y niñas de 7 a 9 años
Prazo de inscrición: del 8 al 15 de mayo

Shirin Abedinirad es una artista que trata de explorar la conexión entre las personas y la naturaleza. Para ello, realiza obras de arte en diferentes formatos como el vídeo, la *performance* o la instalación, empleando los espejos como uno de sus materiales predilectos.

A través de su trabajo, conoceremos las formas y el uso de los templos en la cultura persa y conectaremos la historia antigua y el mundo actual. Experimentaremos con la luz y el color, reflexionaremos sobre los cambios del paisaje y nos inspiraremos en cuentos clásicos para transportarnos a mundos mágicos.

INSCRIPCIÓN: Los talleres son gratuitos y para participar es necesario enviar, dentro de los plazos establecidos, un mensaje por correo electrónico a cgac.educacion@xunta.gal. El mensaje deberá incluir el título de la actividad en la que desean inscribirse, los nombres de las personas participantes, sus edades, un teléfono y un correo electrónico de contacto. Solo se admitirán las solicitudes de aquellas personas que tengan la edad señalada para cada uno de los talleres. Las plazas se cubrirán por orden de inscripción. Cada solicitante recibirá un mensaje electrónico de confirmación.

PLAZAS: 10 menores, acompañados cada uno por un máximo de 2 familiares en cada taller

